

CALENDARIO
DA IGUALDADE 2020



A IGUALDADE
ESTA DE
FESTA

2020

Universidade de Vigo

Unidade
de Igualdade

+34 986 813 419
igualdade@uvigo.gal

Edificio Ernestina Otero
Campus de Vigo
36310 Vigo

UNIVERSIDADE DE
VIGO, ESPAZO LIBRE DE
VIOLENCIAS DE XÉNERO
E POR RAZÓN DE SEXO

Sexismo


01

O sexismo pode estar arraigado na cultura das institucións educativas, desde preescolar ata as institucións de ensino superior. Pode adoptar diversas formas; por exemplo, a tolerancia e a banalización da imaxinaría, a linguaxe e as expresións sexistas; a intolerancia cara a comportamentos que non se adecúan ao comportamento estereotipado de xénero; o non tratar os nesgos inconscientes do persoal e do alumnado; a ausencia ou a inadecuación de mecanismos de reclamación e rexistro; e a ausencia de sancións por acoso sexual, incluídos os casos entre o propio alumnado.

Estas formas arraigadas de sexismo poden influír en posteriores decisións educativas, profesionais ou de estilo de vida.

(Extracto do apéndice incluído na Recomendación CM/Rec (2019)1:

Directrices para previr e combater o sexismo: medidas para a súa aplicación, adoptada polo Comité de Ministros o 27 de marzo de 2019)



XANEIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
01	30	31	1	2	3	4	5
02	6	7	8	9	10	11	12
03	13	14	15	16	17	18	19
04	20	21	22	23	24	25	26
05	27 Santo Tomé de Aquino	28	29	30	31	1	2

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Protocolo de actuación para a prevención e a sanción do acoso sexual e por razón de sexo

02

En 2015 a Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo pon en funcionamento o Protocolo de actuación para a prevención e a sanción do acoso sexual e por razón de sexo.

Este é o marco polo cal as posibles vítimas dunha situación de acoso no ámbito universitario poden (e deben!) denuncialo.

Aplícase nas dependencias dos tres campus ou centros adscritos da UVigo, entidades onde o alumnado realice prácticas e outros espazos onde a UVigo organice algunha actividade.

A denuncia pode presentala a persoa acosada ou quen teña coñecemento da situación (alumnado, PAS, PDI, persoal afecto a contratas ou subcontratas externas, persoas con contrato administrativo privado etc.).

Preséntase por escrito, nos rexistros da universidade ou verbalmente na Unidade de Igualdade ante a comisión contra o acoso sexual e por razón de sexo.

**Máis información
e formulario
de denuncia:**



FEBREIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
01	27	28	29	30	31	1	2
02	3	4	5	6 <small>Día Internacional de Tolerancia Cero coa Mutilación Xenital Feminina</small>	7	8	9
03	10	11 <small>Día Internacional das Mulleres e as Nenas na Ciencia</small>	12	13	14 <small>Día Europeo da Saúde Sexual</small>	15	16
04	17	18	19	20	21	22 <small>Día pola Igualdade Salarial</small>	23
05	24	25 <small>Martes de Antroido: Festivo local en Vigo e Ourense</small>	26 <small>Mércores de Cinza: Festivo local en Pontevedra</small>	27	28	29	1

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Non todo o mundo ten claro o que é...

03

...acoso sexual

Calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou atente contra a dignidade dunha persoa, en particular, cando se crea un contorno intimidatorio, degradante ou ofensivo.

...acoso por razón de sexo

Comportamentos e accións (continuas, sistemáticas) realizadas en función do sexo* dunha persoa, co propósito ou efecto de atentar contra a súa dignidade e crear un contorno intimidatorio, degradante ou ofensivo.

Tamén se considera discriminación por razón de sexo o trato desfavorable ás mulleres relacionado co embarazo ou coa maternidade ou como consecuencia da presentación dunha queixa ou denuncia destinadas a impedir a súa discriminación.

...agresión sexual

Comportamentos que, mediante violencia ou intimidación e sen consentimento previo da vítima, atentan contra a liberdade sexual dunha persoa.

*ser muller/pertencer a outros colectivos sexuais minoritarios (homosexuais, lesbianas, transexuais, transxénero, non binario e, en xeral, persoas que non conforman as «normas de xénero»).

MARZO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
01	24	25	26	27	28	29	1
02	2	3	4	5	6	7	8 Día Internacional das Mulleres
03	09	10	11	12	13	14	15
04	16	17	18	19	20	21	22
05	23 / 30	24 / 31	25	26	27	28 Reconquista. Festivo local en Vigo	29

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Diagnose pioneira

04

A Diagnose da situación do acoso sexual e por razón de sexo na Universidade de Vigo publicada en 2018 foi a primeira avaliación da situación do acoso sexual e por razón de sexo nos tres campus da Universidade de Vigo.

... é PIONEIRA NO NOSO PAÍS.

Fontes da diagnose

Denuncias
Enquisas

Metodoloxías

Cuantitativa


1066 estudantes:
61,2 % alumnas | 38,8 % alumnos
185 PDI | 154 PAS

Cualitativa

(persoas que amosaron interese)
19 entrevistas a estudantes
4 profesoras
5 PAS
10 grupos de discusión con alumnado

Autoras

María Lameiras Fernández
Yolanda Rodríguez Castro
María Victoria Carrera Fernández



ABRIL

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
01	30	31	1	2	3	4	5
02	6	7	8	9	10	11	12
03	13	14	15	16	17	18	19
04	20	21	22	23	24	25	26 <small>Día da Visibilidade Lésbica</small>
05	27 <small>Día Internacional das Rapazas nas TIC</small>	28	29	30	1	2	3

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Percepción de risco das situacións de acoso sexual

05


A percepción de risco das situacións de acoso sexual é maior por parte das mulleres dos tres colectivos (alumnas, PDI e PAS), un 30 %, ca por parte dos seus compañeiros homes (entre o 13,5 e o 21,9 %).

Segundo a diagnose, o grupo que se percibe máis vulnerable (víctimas de acoso sexual na universidade) é o colectivo LGTBI+, seguido das mulleres. É evidente que a socialización sexista do colectivo feminino reduce a percepción do risco das situacións de acoso. As mulleres adoitan «normalizar» estas situacións, pero isto non quere dicir que non existan.

Acoso por razón de sexo

Os homes presentan os niveis máis baixos de percepción de risco.

O colectivo LGTBI+ é, de novo, o grupo máis vulnerable.



Mulleres
(30 %)

Homes
(13,5-21 %)

MAIO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
01	27	28	29	30	1	2	3
02	4	5	6	7	8	9	10
03	11	12	13	14	15	16	17 <small>Día Internacional contra a Homosbo- bitransfobia</small>
04	18	19	20	21	22	23	24
05	25 <small>Día Internacional das Mulleres pola Paíze o Desarme</small>	26	27	28 <small>Día Internacional da Acción pola Saíde das Mulleres</small>	29	30	31

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....


Percepción de risco das situacións de agresión sexual



Consideran bastante ou moi probable
que as mulleres sufran **unha agresión
sexual na contorna universitaria:**



Identifícanse como
vítimas de acoso sexual:




Identifícanse como
vítimas de agresión sexual:



1 (0,1 %) alumna
2 (1,8 %) profesoras-investigadoras
1 (1%) PAS

Identifícanse como
vítimas de acoso sexual:



	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
01	1	2	3	4	5	6	7
02	8	9	10	11	12	13	14
03	15	16	17	18	19	20	21
04	22	23	24	25	26	27	28 <small>Día Internacional do Orgullo LGBTQI+</small>
05	29	30	1	2	3	4	5

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

As mulleres son as que máis sofren situacións de acoso sexual, acoso por razón de sexo e agresións sexuais.

Identificación do agresor/a:

Na súa maioría, os agresores son homes do seu colectivo. Destacan os casos onde o alumnado é acosado e agredido polo propio profesorado.

O nivel de cousificación sexual

experimentado, referido ás avaliacións sobre o corpo sexuado, comportamentos e comentarios sexuais explícitos non desexados, é maior entre as mulleres dos tres colectivos.



XULLO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
01	29	30	1	2	3	4	5
02	6	7	8	9	10	11 <small>San Bieito: Festivo local en Pontevedra</small>	12
03	13	14	15	16	17	18	19
04	20	21	22	23	24	25	26
05	27	28	29	30	31	1	2

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Non reproducir a norma de xénero...

08

...castígase no ámbito universitario, fiel reflexo da nosa sociedade heteropatriarcal.*

Alumnado e PAS: os homes, por transgredir as normas da masculinidade hexemónica.

PDI: as profesoras-investigadoras por romper as normas da feminidade tradicional.



*Pero que é o HETEROPATRIARCADO?
Nin máis nin menos que o noso actual sistema político social, no que o xénero masculino e a heterossexualidade son dominantes e exercen opresión contra as mulleres e o colectivo LGTBI+.

AGOSTO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
01	27	28	29	30	31	1	2
02	3	4	5	6	7	8	9
03	10	11	12	13	14	15	16
04	17	18	19	20	21	22	23
05	24 / 31	25	26	27	28	29	30

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Propostas

Que propón a diagnose, tras o traballo de campo feito, tanto cualitativo coma cuantitativo, para atallar estas situacións?

- Coñecer e comprender que existe o acoso e que ten uns criterios que o definen.
- Identificar as situacións.
- Concienciarnos das súas consecuencias.
- Previr estas situacións, detelas e intervir nelas é cousa de todas as persoas.
- Fomentar o desenvolvemento da personalidade libre de estereotipos e roles de xénero, así como do valor da diversidade.

COÑECER

IDENTIFICAR

CONCIENCIAR

PREVIR

FOMENTAR A
DIVERSIDADE

SETEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
01	31	1	2	3	4	5	06
02	07	08	09	10	11	12	13
03	14	15	16	17	18	19	20
04	21	22	23	24	25	26	27
05	28	29	30	1	2	3	4

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....


Revolverse ante o acoso



Da diagnose despréndense relatos de situacións vividas ou coñecidas de acoso sexual, por razón de sexo e agresión sexual. Destacan as situacións de acoso por razón de sexo explícitas e constantes, dentro do estudantado, tanto para as mulleres coma para os colectivos LGTBI. Estes capítulos non son desexables nin tolerables.

Da diagnose tamén destaca, tristemente, a resposta adoito pasiva do grupo a estas situacións: «O coñecemento dos intentos de agresión sexual por parte do alumnado implican indignación, e culpan a sociedade, así como sentimentos de malestar, impotencia, medo e inseguridade».

E ti, escoitas ou miras e non actúas, ou revólveste ante o acoso e as agresións? Atrévete a denunciar!



OUTUBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
01	28	29	30	1	2	3	4
02	5	6	7	8	9	10	11
03	12	13	14	15	16	17	18
04	19	20	21	22	23	24	25
05	26	27	28	29	30	31	1

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Non falar é falar, non actuar é actuar



As máis das veces a sociedade patriarcal en que vivimos fai que a persoa que acosa ou agride non sexa «consciente» do que está a facer, reproducindo o que «toda a vida» se fixo, do mesmo xeito que a persoa acosada ou agredida tampouco identifica esta situación como unha situación de acoso ou de agresión.

A vítima do acoso sexual é dobremente vitimizada –con consecuencias para a súa saúde física e psíquica e no seu traballo e rendemento académico– cando amosamos o noso total descoñecemento, miramos cara ao outro lado, restamos importancia ou normalizamos a situación ou a acusamos de esaxerar e sacar as cousas de contexto.

As persoas que formamos parte da comunidade universitaria deberíamos axudala e protexela. O silencio fronte ao mal é en si mesmo o mal. Non falar é falar, non actuar é actuar.



NOVEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
01	26	27	28	29	30	31	1
02	2	3	4	5	6	7	8
03	9	10	11 <small>San Martiño: Festivo local en Ourense</small>	12	13	14	15
04	16	17	18	19	20	21	22
05	23 / 30	24	25 <small>Día Internacional contra a Violencia Machista</small>	26	27	28	29

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Tolerancia cero ante a violencia

12

O movemento feminista e o momento que estamos a vivir de espertar das consciencias supón unha verdadeira revolución da que queremos ser partícipes.

É cousa de todas as persoas desenvolver un clima organizacional cálido e de confianza na comunidade universitaria, e crear contornas de estudo e de traballo respectuosas para todas as persoas.

Creemos unha nova cultura da convivencia. TOLERANCIA
CERO ANTE A VIOLENCIA!

**Universidade de Vigo, espazo libre de
violencias de xénero e por razón de sexo.**



DECEMBRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
01	30	1	2	3	4	5	6
02	7	8	9	10	11	12	13
03	14	15	16	17	18	19	20
04	21	22 <small>Día Internacional do Traballo Doméstico</small>	23	24	25	26	27
05	28	29	30	31	1	2	3

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....